

## A ondada cantábrica. Por Armando Requeixo

22.05.05

Coa forza toda da ondada cantábrica chega ás praias líricas galegas a viveirense Olalla Cociña Lozano, quen con só vinte e cinco anos foi quen de gañar o VIII Premio de Poesía Avelina Valladares, convencendo a un xurado no que se contaban poetas como Sánchez Iglesias e Carlos Negro e ensaístas como Helena González de que *As cervicais da memoria* (Fervenza, 2005) era poemario que non podía deixar de ver a luz.

Os de Olalla Cociña son versos de sombra, de ausencias dolorosas, de ocos e aires fuxidíos que esfarelan contra a noite, soños que esvaen e contraen o corazón, pupilas que tentan esculcar na transparencia do etéreo. Hai neles un amor melancólico, que nunca abaixa ao carnal transgresor como é adoito nas súas compañeiras xeracionais e mantense balizado nun sensualismo delicuescente, suxestivo, engaiolante. Memorias puntuais da infancia, presentes de salitre mariño, dunha maneira percutora dos sentidos todos e un certo recendo de eros místico. Todo un cóctel de baleiros e volcáns que indagan na "paixón sentida tanto tempo antes/ nas cervicais da memoria".